XUNTA DE GALICIA

DIEGO CALVO POUSO, CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES, E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICA:

Que o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e nove de decembro de dous mil vinte e cinco adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"Aprobar o Contrato Programa da Fundación Pública Artesanía de Galicia para o período 2026-2027.

A Fundación financiarase a través de transferencias correntes e de capital que recibe da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e outros ingresos procedentes de actividade propia. A proxección estimada de ingresos estipulado para este contrato programa é a seguinte:

| | **2026** | **2027** |
|---|---|---|
| Capítulo III | 20.000 € | 20.000 € |
| Capítulo IV | 400.000 € | 400.000 € |
| Capítulo VII | 800.000 € | 800.000 € |
| **Total** | **1.220.000 €** | **1.220.000 €** |

Respecto ao marco orzamentario, as dotacións previstas para o periodo 2026-2027 quedan supeditadas ao que se estableza nas leis de Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para cada unha das anualidades.

A vixencia do contrato programa abrangue do 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2027."

E para que conste asina a presente, co visto e prace do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela a vinte e nove de decembro de dous mil vinte e cinco.

V.º e Prace

O PRESIDENTE

FUNDACIÓN PÚBLICA
ARTESANÍA DE GALICIA

# CONTRATO PROGRAMA DA FUNDACIÓN PÚBLICA ARTESANÍA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

# ÍNDICE

Introducción ........ 2
Cláusulas ........ 5
1. Obxecto ........ 5
2. Vixencia ........ 6
3. Obxectivos ........ 6
3.1. Obxectivos estratéxicos ........ 10
3.2 Obxectivos operativos ........ 12
4. Marco económico-financeiro ........ 27
4.1. Gastos ........ 27
4.2. Ingresos ........ 27
4.3. Gastos distribuídos entre obxectivos estratéxicos ........ 27
4.4 Mecanismos de re-axuste en caso de déficit ou superávits ........ 28
5. Compromisos das partes ........ 28
6. Criterios e mecanismos de responsabilidade do persoal directivo ........ 29
7. Procedemento para a introdución de modificacións ou adaptacións ........ 30
8. Comisión de seguimento e control ........ 31
8.1. Constitución ........ 31
8.2. Funcións da comisión ........ 31
9. Marco de recursos humanos ........ 32
10. Outros: recursos (físicos) cos que conta a entidade ........ 33
ANEXO I. Cadro resumen dos indicadores por obxectivo ........ 34
ANEXO II. Cadro resumo dos obxectivos ........ 38

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

# CONTRATO PROGRAMA DA FUNDACIÓN PÚBLICA ARTESANÍA DE GALICIA

## Introdución

A Fundación Pública Artesanía de Galicia, creada en data 20 de novembro de 2003 mediante escritura pública como Fundación sen ánimo de lucro, é unha entidade que depende da Dirección Xeral de Comercio e Consumo da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia.

Ten por obxecto a promoción da Artesanía de Galicia en tódalas súas vertentes, afectando o patrimonio á realización de fins de interese xeral para Galicia. Entre os seus cometidos primordiais atópase o desenvolvemento de liñas de investigación destinadas a especializar e perfeccionar técnicas de elaboración que permitan mellorar a calidade dos produtos artesanais ademais de optimizar o proceso produtivo xa que se entende que a innovación, o deseño e a calidade son as bases coas que conta a artesanía para sobrevivir.

Os fins da Fundación son:

- Dotar o sector artesanal de Galicia dos profesionais e técnicos que necesite, mediante unha formación especializada e de perfeccionamento, incidindo especialmente no deseño, a innovación, a aplicación de novas tecnoloxías e a xestión.
- Potenciar o desenvolvemento económico do colectivo artesanal, asesorando ao sector na mellora das súas estruturas e procesos produtivos e comercializadores.
- Aproveitar a dimensión e potencial formativo e educativo orientado tanto aos profesionais como ao público en xeral, dando a coñecer os oficios, os seus produtos e informando da súa oferta.
- Crear un fondo documental que preste soporte a un eficaz, e na actualidade imprescindible, servizo de información e asistencia técnica.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Recuperar, documentar e asegurar a pervivencia das actividades artesanais que pola súa tradición ou calidade singulares se consideren parte integrante do patrimonio artesanal de Galicia.
- Promover a artesanía de Galicia en todas as súas vertentes, poñendo especial énfase na vinculación da actividade artesanal cos hábitos comerciais ao uso, mellorando e promovendo a presenza dos produtos artesanais de Galicia nos mercados.
- Programar e xestionar as actuacións que dende a administración autonómica se acometan en materia de formación, arquivo, información, investigación e promoción da artesanía de Galicia. A Fundación levarao a cabo no marco das correspondentes encomendas que lle poida efectuar a Administración autonómica.
- Axuda a mellora da calidade técnica e artística dos produtos artesáns de Galicia.
- Dar acollida ás manifestacións máis significativas que mostren o variado mundo da creación artesanal de Galicia.

A Fundación réxese polo disposto na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e pola Lei 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo; polo Regulamento de fundacións de interese galego aprobado polo Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, e mais polo Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do rexistro de fundacións de interese galego; pola Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, e o seu correspondente Regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins de lucro e dos incentivos fiscais ao mecenado, aprobado polo Real Decreto 1270/2003, do 10 de outubro; polo Real decreto 1491/2011, do 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do plan xeral de contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativos, tendo presente o Real decreto 1517/2011, do 31 de outubro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve o texto refundido da Lei de auditoría de contas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2011, do 1 de xullo, e o Real Decreto lexislativo 1/2011, do 1 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

auditoría de contas e Real Decreto 1515/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas e os criterios contables específicos para microempresas para aqueles aspectos que foran modificados; pola Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións; polas demais disposicións aplicables vixentes e polos seus Estatutos.

Por outro lado, a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA) regulou no seu título III o réxime xurídico das entidades instrumentais do sector público autonómico e estableceu os instrumentos de planificación anual e plurianual da actividade das ditas entidades instrumentais: plans anuais de actuación, plans plurianuais iniciais e contratos de xestión.

O 4 de marzo de 2021 o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Plan xeral de xestión e mellora da calidade dos servizos do sector público autonómico de Galicia (2021-2023), de acordo coa previsión do artigo 20 da Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, de concretarse, a través do dito plan, a política de xestión da calidade da Comunidade Autónoma de Galicia. O dito Plan xeral preveu como primeira acción a aprobación dun Programa de mellora da xestión das entidades integrantes do sector público autonómico de Galicia. O obxectivo deste programa consiste en dotar ás entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia de contratos de xestión ou contratos programas.

Con base nestes antecedentes elévase á consideración do Consello da Xunta de Galicia o presente contrato programa coas seguintes:

## Cláusulas

### 1. Obxecto:

O obxecto do presente contrato programa é regular as relacións entre a Fundación Pública Artesanía de Galicia e a Xunta de Galicia e establecer os compromisos recíprocos entre as partes.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

A Fundación é unha institución que materializa o conxunto das actuacións encamiñadas a impulsar o sector da Artesanía de Galicia, e busca contribuír á promoción e desenvolvemento do sector, apoiando os oficios artesanais máis tradicionais vinculados ao noso territorio e, ao mesmo tempo, apostando pola innovación e as novas formas de comercialización. Unha folla de ruta para conseguir un sector profesionalizado e sostible no tempo.

## 2. Vixencia

A vixencia deste contrato programa comezará o 1 de xaneiro de 2026 e estenderase ata o 31 de decembro de 2027.

## 3. Obxectivos

A principal misión da Fundación é dotar o sector artesanal dunha infraestrutura especializada para que poida desenvolver programas de asistencia, formación, innovación, catalogación, promoción, comercialización e calquera outro aspecto inherente á cultura dos oficios artesanais en Galicia.

Entre os seus cometidos primordiais atópase por unha parte o desenvolvemento dun sector artesán forte e capaz de adaptarse ás novas realidades, cunha grande capacidade de xerar emprendemento, de atraer talento mozo e de fixar poboación en zonas máis rurais vinculadas a certos oficios. E, por outra parte, incorporar a fusión da innovación e da tradición para que o sector sexa capaz de avanzar na remuda xeracional, e de conservar e de recuperar as distintas manifestacións artesás ao tempo que se adapta á necesidade da dixitalización e ás novas formas de consumo.

A artesanía do século XXI é mestura de tradición e innovación, de arraigamento e modernización, de sustentabilidade e progreso, pero, sobre todo, a artesanía galega son os nosos artesáns e as nosas artesás, que crean pezas únicas e lles transmiten os oficios e os valores artesanais ás futuras xeracións, situando a actividade artesanal como fonte de desenvolvemento cultural, social, turístico e económico. A actividade artesá non só se traduce en resultados puramente materiais, senón que exerce ademais certa pedagoxía de carácter social, en canto transmite uns valores e contidos culturais arraigados na sociedade e que

CONSELLERÍA DE ... DEPORTES

debemos apreciar e estimular. Igualmente, é un valor diferenciador fronte aos sistemas de produción industrial, posto que supón un xeito de entender a empresa altamente comprometido cos aspectos emocionais, ecolóxicos e culturais das nosas tradicións. Nos últimos anos, novos e novas profesionais están a incorporarse ás actividades artesanais, o que xera un emprego especializado e os converte nun dos maiores sectores catalizadores de emprendedores e, moi especialmente, de emprendedoras, ademais de ser un factor importante no asentamento e desenvolvemento da poboación en zonas rurais.

No ano 2001 Galicia converteuse na primeira Comunidade Autónoma en contar cunha marca propia coa creación de Artesanía de Galicia, propiedade da Xunta, que hoxe en día é xa un selo consolidado como sinal de calidade e do feito en Galicia, reflexo dun sector diverso e en constante evolución, cunha grande capacidade de resiliencia.

A marca Artesanía de Galicia é recoñecida polas persoas usuarias como un valor engadido e polas persoas consumidoras como unha imaxe de calidade e de prestixio dos produtos. Constitúe unha das principais fortalezas do sector artesanal galego, polo que debe ser aproveitada para impulsar o posicionamento nacional e internacional da artesanía e para acadar unha maior promoción e comercialización do produto artesán galego. A Lei 8/2023, do 14 de decembro, de artesanía de Galicia recoñece e posiciona a marca Artesanía de Galicia como un distintivo que identifica os obradoiros artesáns da Comunidade Autónoma de Galicia e acredita que o produto que porte o distintivo da marca se elaborou nun obradoiro artesán inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

Dende a súa creación no ano 2003, a Fundación Pública Artesanía de Galicia ten posto en marcha múltiples actuacións e programas baseados na promoción da artesanía de Galicia e na mellora da competitividade do sector.

Galicia foi, e segue sendo, recoñecida nos Premios Nacionais de Artesanía.

- No 2012 a Fundación recibiu o Premio Promociona a Entidades Públicas pola súa estratexia de apoio ao sector artesán galego por conxugar o apoio aos

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

oficios tradicionais cunha aporta pola innovación e adaptación aos novos mercados.

- No 2016 a Fundación recibiu o Premio Promociona a Entidades Públicas polo proxecto ENREDADAS.
- No 2023 a Fundación recibiu o Premio Promociona a Entidades Públicas polo evento CORAZÓN DA ARTESANÍA. ENCONTRO DA ARTESANÍA TRADICIONAL E POPULAR DE GALICIA.

ENREDADAS é un proxecto de boas prácticas impulsado pola Fundación en colaboración coa Consellería do Mar dende o ano 2012 e enfocado a diversificar o traballo das redeiras artesás galegas, para lles facilitar a apertura de novas oportunidades de negocio a través doutros ámbitos como a moda, os complementos e a decoración.  A través de cursos de formación especializada e continuada, redeiras artesás de diferentes localidades galegas tiñan a posibilidade de acadar unha renovación desta actividade tradicional ao tempo que un incremento dos seus ingresos.

CORAZÓN DA ARTESANÍA. ENCONTRO DA ARTESANÍA TRADICIONAL E POPULAR DE GALICIA é un evento integral cunha posta en escena moi coidada, destinado á divulgación dos oficios artesanais, a impulsar a comercialización dos produtos da marca Artesanía de Galicia e doutros produtos gourmet de calidade, así como a buscar sinerxías entre artesanía e outros sectores como a arquitectura, a gastronomía ou o deseño. Ano tras ano, este Encontro consolídase como un espazo de confluencia entre artesáns e profesionais de diferentes ámbitos – deseñadores, decoradores, xornalistas, prescritores de grandes marcas e profesionais de tendas especializadas – que están permitindo establecer relacións comerciais e interesantes colaboracións que están a abrirlle as portas de moitos ámbitos, empresas e marcas á Artesanía de Galicia.

Dende o ano 2006 o sector galego foi recoñecido nos Premios Nacionais de Artesanía:

- **Edición 2006:** Premio Innova: Obradoiro de Gaitas Seivane, Cambre, A Coruña.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- **Edición 2007:** Premio Promociona Entidades Públicas: Deputación de A Coruña.
- **Edición 2008:** Premio Produto: Joyas de la Raspa, Vigo, Pontevedra.
- **Edición 2009:** Premio Innova: Ricardo Antelo, Ponteceso, A Coruña.
- **Edición 2011:** Premio Promociona Entidades Privadas: Complexo Otero Regal, Viveiro, Lugo.
- **Edición 2012:** Premio Promociona Entidades Públicas: Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño
- **Edición 2013:** Premio Nacional de Artesanía: Obradoiro de Gaitas Seivane, Cambre, A Coruña.
- **Edición 2014:** Premio Produto: Idoia Cuesta, Outeiro de Rei, Lugo.
- Premio Promociona Entidades Privadas: AGA. Asociación Galega de Artesáns, A Coruña.
- **Edición 2016:** Premio Promociona Entidades Públicas: Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño.
- **Edición 2019:** Premio Nacional de Artesanía: EFerro, Vila de Cruces, Pontevedra.

  Premio Produto: Ojea Studio, Vigo, Pontevedra.
- **Edición 2021:** Premio Produto: Noroeste Obradoiro, Santiago de Compostela, A Coruña.
- **Edición 2022:** Premio Emprendemento: Santiago Besteiro, Monterroso, Lugo.
- **Edición 2023:** Premio Nacional de Artesanía: Álvaro M. Leiro, Pazos de Borbén, Pontevedra.

  Premio Produto: Inés RIR &Co, Allariz, Ourense.

  Premio Promociona Entidades Públicas: Fundación Pública Artesanía de Galicia.

Do 2006 ao 2025 tivemos 32 finalistas de Galicia nos Premios Nacionais de Artesanía.

No ano 2024 a Fundación Artesanía de Galicia recibiu o Premio 'Personaje del año' outorgado polo semanario Fuera de Serie, do grupo Unidad Editorial, na

**Categoría de Artesanía,** o que supuxo un novo recoñecemento nacional do labor da Xunta na consolidación e no desenvolvemento do sector artesán galego así como pola promoción da marca Artesanía de Galicia.

Os obxectivos xerais da Fundación son:

- Remarcar a identidade propia de Artesanía de Galicia.
- Asegurar a pervivencia das actividades artesanais tradicionais.
- Fomentar a innovación, o deseño e o uso de novas tecnoloxías.
- Favorecer a comercialización dos produtos nos mercados nacionais e internacionais e apostar pola sinerxía con outros sectores.
- Promover o dinamismo dentro do sector, impulsando o nacemento de novas vocacións artesanais, o asociacionismo e o cooperativismo.

Dentro do PEG 2022-2030 que elaborou a Xunta de Galicia atopamos que os obxectivos da Fundación Pública Artesanía de Galicia encaixan perfectamente nos seguintes eixos:

- Eixo 3. Competitividade e crecemento, e concretamente no obxectivo estratéxico da prioridade de actuación 3.3.1. "Impulsar a creación de novas empresas, a consolidación e crecemento das existentes, a súa internacionalización e fomentar decididamente o espírito emprendedor".

- Eixo 4. Cohesión social e territorial, e concretamente no obxectivo estratéxico da prioridade de actuación 4.3.1 "Estimular a produción cultural e a súa distribución, apoiando a innovación cultural e a transversalidade da creatividade nos sectores produtivos, facilitando o acceso á cultura da cidadanía e avanzando na súa proxección exterior e internacionalización"

3.1. Obxectivos estratéxicos:

Estase a desenvolver unha estratexia integral destinada á promoción e ao desenvolvemento do sector artesanal galego apostando pola innovación e fomento da capacidade de adaptación ás novas tendencias do mercado e ao deseño, ao tempo que se preservan os valores que constitúen a esencia dos produtos artesanais.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Dotar de maior visibilidade ao sector e favorecer o fortalecemento do tecido produtivo.
- Afianzar un sector artesanal competitivo capaz de aglutinar todo o talento artesán.
- Aposta pola profesionalización do sector e a incorporación de novas competencias e disciplinas.
- Promocionar, difundir e protexer a marca Artesanía de Galicia.
- Sensibilización da sociedade sobre a importancia da artesanía como motor económico e cultural de Galicia.
- Posicionamento da artesanía como un sector consolidado cunha longa traxectoria.
- Potenciar o relevo xeracional promovendo o acceso de novos talentos ao sector e a súa profesionalización.
- Dar prestixio á artesanía, recoñecendo ás empresas artesanais a súa creatividade e a adaptación ás tendencias do mercado.
- Potenciar a cooperación con outros sectores produtivos.
- Aposta pola innovación na elaboración de produtos con deseños avanzados portadores de referencias, introducindo novas tecnoloxías e a investigación en novos materiais, ferramentas de fabricación e xestión.

**Segundo a evolución dos últimos anos establécense 4 obxectivos estratéxicos que responden ás demandas reais do sector artesán:**

1. **Artesanía = Empresa**

   Obxectivos xerais:

   1a. Aposta pola comercialización no eido local, nacional e internacional e o seu posicionamento no mercado actual.

   1b. Reformulación dos sistemas tradicionais de comercialización e estudo sobre as posibilidades.

2. **Profesionalización, fortalecemento do tecido produtivo artesán e maior visibilidade do sector**

   Obxectivos xerais:

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

2a. Formación especializada e mellora continua do sector na busca dunha profesionalización do sector.

2b. Aposta por unha maior visibilidade do produto feito a man.

3. **Divulgación**

Obxectivos xerais:

3a. Accións de promoción e publicidade da actualidade e realidade da Artesanía de Galicia.

4. **Artesanía innovadora e colaborativa**

Obxectivos xerais:

4a. Innovación, deseño e creatividade como aposta de modernización do sector.

4b. Pulo á cooperación intra e intersectorial favorecendo espazos de encontro con diferentes axentes.

| | 2025 | 2026 | 2027 |
|---|---|---|---|
| Artesanía = Empresa | 594.800€ | 490.000€ | 490.000€ |
| Profesionalización, fortalecemento do tecido produtivo artesán e maior visibilidade do sector | 267.500€ | 160.000€ | 160.000€ |
| Divulgación | 134.000€ | 100.000€ | 100.000€ |
| Artesanía innovadora e colaborativa | 323.700€ | 70.000€ | 70.000€ |

A diferencia co orzamento de gasto correspóndese co gasto corrente que se repercute por igual entre os diferentes obxectivos.

3.2. Obxectivos operativos:

Os obxectivos operativos constitúen a concreción dos obxectivos estratéxicos e defínense como a descrición específica dun resultado que se quere conseguir.

O valor de partida do ano 2025 é estimativo porque o exercicio non está pechado.

CONSELLERÍA DE ... XUSTIZA E DEPORTES

## 1. Artesanía = Empresa

### 1.1. Corazón da Artesanía. Encontro da artesanía tradicional e popular de Galicia.

Obxectivos xerais do Encontro:

- Promocionar o sector artesanal e contribuír ao seu posicionamento no mercado actual. A artesanía é unha actividade cunha cota de mercado en crecemento e un sector de prestixio e de alto recoñecemento polo público.
- Recuperar un espazo do valor histórico dos Pendellos e dotalos novamente de contidos dinámicos liderado polo sector da artesanía.
- Consolidar este espazo de interrelación dos distintos eidos que conforman a nosa identidade e a posta en valor da nosa artesanía, a música e o baile tradicional ou a gastronomía, e proxectar unha imaxe integral e fiel da cultura tradicional e popular de Galicia no seu conxunto.
- Dinamizar e contribuír ao desenvolvemento económico, cultural, social e turístico desta área xeocéntrica de Galicia, ao tempo que se poñen en valor e se divulgan os seus atractivos turísticos e culturais.
- Fomentar a participación cidadá na cultura tradicional facendo fincapé entre os máis novos estimulando a conservación das nosas tradicións e contribuíndo a garantir a sostibilidade deste sector.
- Escenario para invitar a prescriptores nacionais e internacionais, e periodistas e medios especiais en artesanía.

| Obxectivo estratéxico | Obxectivo operativo | Indicador | 2025 | 2026 | 2027 |
|---|---|---|---|---|---|
| Artesanía = Empresa | Encontro da Artesanía Tradicional e popular de Galicia | *Número de obradoiros participantes de Artesanía de Galicia* | 41 | 41 | 41 |
| | | *Número de empresas participantes de Artesanía Alimentaria* | 33 | 33 | 33 |
| | | *Número de cursos divulgativos abertos ao público* | 6 | 7 | 7 |
| | | *Número de asistentes aos cursos divulgativos* | 1056 | 1056 | 1056 |

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | *Número de cursos especializados* | | 7 | 7 | 7 |
| | | *Número de asistentes aos cursos especializados* | | 71 | 71 | 71 |
| | | *Actuacións musicais, baile e outras* | | 7 | 7 | 7 |
| | | *Programa Artesanía no Prato en Agolada* | *Número de accións* | 8 | 9 | 9 |
| | | | *Número de cociñeiros/as participantes* | 5 | 7 | 7 |
| | | | *Número de obradoiros participantes* | 16 | 18 | 22 |
| | | *Número de prescriptores galegos* | | 2 | 8 | 9 |
| | | *Número de prescriptores nacionais/internacionais* | | 11 | 12 | 12 |
| | | *Número de asistentes ao evento* | | +7.000 | +7.500 | +7.500 |

1.2. Participación de Artesanía de Galicia no **PROXECTO VILAS VIVAS** para dinamizar o tecido comercial de vilas e cabeceiras de comarca. No 2025 iniciouse o proxecto Vilas Vivas Ribadavia.

<u>Obxectivos xerais:</u>

- Potenciar e dinamizar o comercio como motor de dinamización a todos os niveis: económico, social, hostaleiro e turístico, co obxectivo de revitalizar as vilas e cabeceiras de comarca.
- Visibilizar e dar vida a baixos comerciais en desuso nas zonas históricas, coa promoción de actividades puntuais para reanimar estes espazos e achegar novos visitantes.
- Aposta pola comercialización e divulgación de Artesanía de Galicia.

| Obxectivo estratéxico | Obxectivo operativo | Indicador | 2025 | 2026 | 2027 |
|---|---|---|---|---|---|
| Artesanía = Empresa | Proxecto Vilas Vivas. Evento Artesanía Saber e Sabor | *Número de obradoiros participantes de Artesanía de Galicia* | 19 | 20 | 21 |
| | | *Número de cursos divulgativos* | 4 | 5 | 5 |
| | | *Número de asistentes aos cursos divulgativos* | 324 | 516 | 516 |
| | | *Número de cursos especializados* | 10 | 10 | 10 |
| | | *Número de asistentes aos cursos especializados* | 64 | 64 | 64 |
| | Proxecto Vilas Vivas. | *Número de obradoiros participantes* | 5 | +15 | +18 |

XUSTIZA E DEPORTES

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | *nos locais de Vilas Vivas* | | | |
| | | *Número de cursos divulgativos* | 0 | 10 | 12 |
| | | *Número de asistentes aos cursos divulgativos* | 0 | +180 | +200 |
| | | *Número de cursos especializados* | 6 | 10 | 10 |
| | | *Número de asistentes aos cursos especializados* | 28 | 60 | 60 |

1.3. Accións de promoción/venda/divulgación da marca Artesanía de Galicia en diferentes escenarios dentro e fóra da nosa Comunidade (on/offline), así como colaboración, asesoramento, divulgación e participación en diferentes actividades artesanais.

<u>Acción previstas:</u>

- Organización e colaboración en eventos de interese artesanal de comercialización, divulgación e formación co obxectivo de amosarlle á sociedade o valor engadido da artesanía e o valor do produto feito á man.
- Accións de promoción e comercialización fóra da nosa Comunidade.
- Proxecto Artesanía de Galicia no Courel.
- Participación de Artesanía de Galicia en stands e proxectos institucionais de promoción nacionais e internacionais (material promocional, exposición de pezas e demostracións de artesáns).
- Colaboracións, asesoramento e difusión en diferentes accións doutras consellerías da Xunta de Galicia e organismos privados.
- Coordinación dos Días Europeos da Artesanía na nosa Comunidade.
- Accións de divulgación para favorecer o achegamento da artesanía a futuros profesionais do sector.
- Promoción, difusión e protección da marca Artesanía de Galicia.
- Colaboración e apoio ás tendas da marca Artesanía de Galicia e busca de novas formas de comercialización.
- Aposta pola difusión de Artesanía de Galicia como agasallo institucional.

- Colaboración, asesoramento e difusión en diferentes accións doutras consellerías da Xunta de Galicia e organismos privados.

<table>
<tr><th>Obxectivo estratéxico</th><th>Obxectivo operativo</th><th colspan="2">Indicador</th><th>2025</th><th>2026</th><th>2027</th></tr>
<tr><td rowspan="11">Artesanía = Empresa</td><td rowspan="11">Accións de promoción/venda/divulgación da marca de Artesanía de Galicia</td><td colspan="2">Número de eventos organizados pola Fundación</td><td>3</td><td>3</td><td>4</td></tr>
<tr><td colspan="2">Número de eventos que contan coa colaboración e/ou patrocinio da Fundación</td><td>64</td><td>65</td><td>66</td></tr>
<tr><td colspan="2">Número de localidades</td><td>59</td><td>62</td><td>64</td></tr>
<tr><td colspan="2">Número de obradoiros de Artesanía de Galicia participantes</td><td>213</td><td>220</td><td>240</td></tr>
<tr><td colspan="2">Número de cursos divulgativos</td><td>73</td><td>75</td><td>77</td></tr>
<tr><td colspan="2">Número de asistentes aos cursos divulgativos</td><td>324</td><td>360</td><td>380</td></tr>
<tr><td colspan="2">Número de cursos especializados</td><td>6</td><td>7</td><td>8</td></tr>
<tr><td colspan="2">Número de asistentes aos cursos especializados</td><td>31</td><td>50</td><td>58</td></tr>
<tr><td rowspan="3">Promoción e comercialización do produto artesán como agasallo institucional e corporativo</td><td>Número de propostas aceptadas</td><td>65</td><td>65</td><td>75</td></tr>
<tr><td>Número de produtos</td><td>+5.000</td><td>+6.000</td><td>+6.500</td></tr>
<tr><td>Número de oficios implicados</td><td>9</td><td>10</td><td>10</td></tr>
</table>

1.4. Organización e colaboración en eventos vixentes para a recuperación de oficios en extinción.

O impulso á conservación dos oficios artesanais tradicionais forma parte da estratexia da Xunta de Galicia. A recuperación, o mantemento e a divulgación de profesións ancestrais constitúe unha ferramenta de dinamización social e de divulgación da nosa cultura, ademais de establecer referentes para os novos profesionais que se achegan ao sector artesanal galego.

| Obxectivo estratéxico | Obxectivo operativo | Indicador | 2025 | 2026 | 2027 |
|---|---|---|---|---|---|
| Artesanía = Empresa | Organización e colaboración en eventos vixentes de recuperación de oficios en extinción | *Número eventos* | 4 | 4 | 4 |
| | | *Número de asistentes* | +4.800 | +5.000 | +5.000 |
| | | *Número de oficios* | 4 | 4 | 4 |

## 2. Profesionalización, fortalecemento do tecido produtivo artesán e maior visibilidade do sector

### 2.1. Proxecto Aprender da Tradición. Oficios e técnicas.

Programa formativo pioneiro en España, iniciado en novembro de 2023 que busca capacitar aos profesionais da artesanía e expertos en oficios artesanais para que poidan transmitir os seus coñecementos, facilitar a formación de novas xeracións interesadas en aprender estes oficios e técnicas, fomentar a comercialización de produtos elaborados por artesáns e artesás locais e sensibilizar a comunidade sobre a importancia da conservación dos oficios tradicionais.

Deste xeito, avánzase na consolidación e futuro do sector, asegurando non só a remuda xeracional no eido da nosa economía senón a profesionalización dos artesáns e artesás en activo para que melloren os seus produtos e abran novos mercados de venda.

Os obxectivos específicos do programa son:

- Revalorizar e dar visibilidade aos procesos artesanais vinculados aos vellos saberes para ofrecer novos valores.
- Apostar pola profesionalización continua especializada en competencias profesionais e competencias transversais.
- Facilitar a formación de novas xeracións interesadas en aprender estes oficios e técnicas, asegurando a remuda xeracional en oficios e técnicas máis tradicionais.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Fomentar a comercialización de produtos elaborados por artesáns e artesás locais e sensibilizar a comunidade sobre a importancia da conservación dos oficios tradicionais.

| Obxectivo estratéxico | Obxectivo operativo | Indicador | 2025 | 2026 | 2027 |
|---|---|---|---|---|---|
| Profesionalización, fortalecemento do tecido produtivo artesán e maior visibilidade do sector | Proxecto Aprender da Tradición. Oficios e Técnicas (*) | *Número de accións formativas* | 7 | 7 | 7 |
| | | *Número de oficios artesanais* | 6 | 7 | 7 |
| | | *Número de solicitudes recibidas* | 168 | 260 | 280 |
| | | *Número de participantes* | 73 | 56 | 56 |

(*) Cursos bianuais que computan no ano de inicio

2.2. Programa de formación especializada para unha profesionalización continua dos profesionais da artesanía en técnicas, procesos e materiais.

Programa dirixido a artesáns e artesás profesionais que busca a introdución da innovación en todos os procesos, a mellora das técnicas e da comercialización.

| Obxectivo estratéxico | Obxectivo operativo | Indicador | 2025 | 2026 | 2027 |
|---|---|---|---|---|---|
| Profesionalización, fortalecemento do tecido produtivo artesán e maior visibilidade do sector | Programa de formación especializada en técnicas artesanais que contribúan á mellora e profesionalización continua do sector | *Número de accións formativas impartidas* | 14 | 14 | 14 |
| | | *Número de oficios artesanais* | 9 | 9 | 9 |
| | | *Número de solicitudes recibidas* | 201 | 220 | 220 |
| | | *Número de participantes* | 143 | 145 | 145 |

2.3. Proxecto **Artesanía de Galicia na Escola**

Proxecto iniciado no ano 2023 como iniciativa que procura divulgar e achegarlles os oficios artesanais aos máis pequenos e pequenas, amosando a artesanía como unha oportunidade profesional de futuro e transmitindo os valores da artesanía que van unidos a un consumo responsable máis consciente e máis sustentable.

No proxecto créanse diferentes unidades didácticas monográficas sobre oficios artesanais, nas que se contemplen os oficios máis tradicionais, e nas que se incluirán diferentes unidades didácticas (papel e dixital) e audiovisuais explicativos dos oficios polos propios artesáns e artesás.

Nunha primeira fase o persoal docente traballa o material didáctico nos colexios e nunha segunda fase reciben a visita dos artesáns e artesás que fan unha demostración do seu oficio e interactúan cos nenos e nenas para achegarlles os coñecementos e a viabilidade dos oficios artesanais como posible futuro profesional.

| Obxectivo estratéxico | Obxectivo operativo | Indicador | 2025 | 2026 | 2027 |
|---|---|---|---|---|---|
| Profesionalización, fortalecemento do tecido produtivo artesán e maior visibilidade do sector | Proxecto Artesanía de Galicia na Escola | *Número de unidades didácticas enviadas aos colexios* | 790 | 850 | 870 |
| | | *Número de unidades didácticas editadas* | 2 | 1 | 1 |
| | | *Número de demostracións de oficios* | 21 | 26 | 32 |
| | | *Número de colexios participantes* | 22 | 23 | 23 |
| | | *Número de alumnos/as* | 525 | 650 | 650 |
| | | *Número de localidades* | 10 | 12 | 13 |

## 3. Divulgación

### 3.1. Premios Artesanía de Galicia

O obxectivo desta iniciativa é recoñecer a mellora continua no labor dos profesionais do sector artesán galego e contribuír ao seu desenvolvemento económico e promocional.

Distínguense 3 categorías:

– Premio Artesanía de Galicia

Premia a obra que representa as liñas desexadas para unha artesanía competitiva no mercado actual como son o deseño, a adaptación ou conservación das técnicas e valores tradicionais máis característicos da

nosa artesanía, a incorporación ás tendencias actuais, a innovación, a boa presentación e a calidade da obra tanto nos seus materiais como no seu desenvolvemento. Dotado con 9.000 euros e trofeo acreditativo.

- Premio Traxectoria

Valórase a traxectoria recoñecida do/a candidato/a, a súa contribución, posta en valor e promoción da artesanía galega, a calidade dos seus traballos realizados e o compromiso coa divulgación e transmisión pedagóxica dos principais valores positivos no eido da nosa artesanía, o labor de posta en valor do traballo artesanal ao longo da súa vida profesional premiando a súa experiencia. Dotado de trofeo acreditativo.

- Bolsas Eloy Gesto

Premia a tres candidaturas que presentan unha proposta para a súa formación nun centro de referencia no eido da artesanía e o deseño. Valórase o carácter innovador do proxecto, a transferencia de coñecemento que se pretende acadar con esa formación, a incorporación das novas tecnoloxías, o currículo da persoa candidata e a potencialidade de incorporación desta formación para a elaboración dun produto artesanal innovador. Dotada cada beca con 4.000 euros e diploma acreditativo.

| Obxectivo estratéxico | Obxectivo operativo | Indicador | 2025 | 2026 | 2027 |
|---|---|---|---|---|---|
| Divulgación | Premios Artesanía de Galicia | *Número de premios concedidos* | 5 | 5 | 5 |
| | | | | | |
| | | | | | |

3.2. Apoio aos obradoiros artesáns nas convocatorias de premios ou distincións, tanto a nivel nacional como internacional.

Dende a Fundación coordinamos, elaboramos dossieres e avalamos as obradoiros artesáns que nolo solicitan.

CONSELLERÍA DE ... CULTURA E DEPORTES

| Obxectivo estratéxico | Obxectivo operativo | Indicador | 2025 | 2026 | 2027 |
|---|---|---|---|---|---|
| Divulgación | Premios ou distincións | *Número empresas artesás/ institucións/asociacións avaladas* | 23 | 23 | 25 |
| | | *Número de premios ou outras distincións* | 8 | 8 | 8 |

## 3.3. Revista Obradoiro de Artesanía

Coordinación da edición anual da revista Obradoiro de Artesanía. Escaparate da ampla diversidade e riqueza do produto artesán galego, ao tempo que establece unha canle de comunicación do sector coas diferentes liñas de actuación do goberno galego en materia de artesanía, así como unha plataforma de encontro entre a artesanía e outros sectores de interese coma o turismo, a arte, a moda, a arquitectura ou a educación.

| Obxectivo estratéxico | Obxectivo operativo | Indicador | 2025 | 2026 | 2027 |
|---|---|---|---|---|---|
| Divulgación | Revista Obradoiro de Artesanía | *Número exemplares editados* | 5.000 | 5.000 | 5.000 |
| | | *Número puntos distribución en Galicia* | 916 | 950 | 950 |
| | | *Número puntos distribución en España/Internacional* | 20 | 25 | 30 |

## 3.4. Publicacións especializadas e RRSS

A Fundación elabora periodicamente dossieres, información puntual de obradoiros e dos seus produtos, realiza o seguimento de medios, envío de mailing con información actualizada e utiliza as redes sociais (Facebook, Pinterest, Instagram) para a promoción da artesanía e os obradoiros galegos en medios nacionais e internacionais.

| Obxectivo estratéxico | Obxectivo operativo | Indicador | 2025 | 2026 | 2027 |
|---|---|---|---|---|---|
| Divulgación | Publicacións especializadas e RRSS | *Seguidores en RRSS* | 57.687 | 59.000 | 61.000 |
| | | *Alcance de publicacións* | 40.550 | 45.000 | 46.000 |
| | | *Número reportaxes en publicacións especializadas* | 37 | 40 | 42 |
| | | *Número de medios cos que se* | 18 | 18 | 20 |

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | *fixeron colaboracións e patrocinios* | | | |
| | | *Número de viaxes organizadas con periodistas e/ou prescriptores e outros* | 21 | 25 | 27 |

## 4. Artesanía innovadora e colaborativa

### 4.1. Programa Artesanía no Prato

Artesanía e gastronomía son dous ámbitos cun enorme potencial expresivo que, ao converxer, conseguen enxalzarse mutuamente, ensanchando a experiencia sensorial que supoñen por separado e achegando singularidade e exclusividade. Os materiais, os oficios, as historias, os deseños das pezas artesanais suman valor e contribúen ao relato.

No ano 2013 púxose en marcha o proxecto **Artesanía no Prato**. Unha acción pioneira en España coa que se buscaba unir a gastronomía presentada en soportes de Artesanía de Galicia, co obxectivo de crear un espazo de encontro entre profesionais da artesanía, a gastronomía e o deseño, no que se evidencia o potencial do valor da artesanía no ámbito da hostalería, a restauración, a decoración de interiores e proxectos ligados ao contract.

Dende a Fundación traballamos na progresiva expansión nacional e internacional deste proxecto con novas iniciativas dentro e fóra das nosas fronteiras e programando viaxes de cociñeiros/as de prestixio á nosa Comunidade para coñecer de primeira man o produto galego.

**Obxectivos**

- ✓ Achegar e dar a coñecer a artesanía aos e as chefs da nosa comunidade co fin de que se converteran en abandeirados e promotores das posibilidades de establecer sinerxías.
- ✓ Poñer en valor a fusión da artesanía no campo da gastronomía e a restauración.
- ✓ Semente de novos proxectos de colaboración no deseño de produto para a nova cociña e revisar elementos tradicionais da nosa artesanía.

- ✓ Aposta pola calidade, a innovación, o deseño e a creatividade no seu sentido máis amplo e fomentar experiencias con novos soportes e novos materiais.
- ✓ Busca de novos nichos de mercado (dentro e fóra das nosas fronteiras) no sector da gastronomía e a restauración e a hostalería.

Dende esa primeira experiencia en xullo de 2013, a Fundación comeza a actuar como intermediaria entre artesáns e artesás e cociñeiros/as para a introdución de Artesanía de Galicia nos seus restaurantes e participando en diferentes eventos vinculados á gastronomía como accións puntuais de promoción e simbioses de ambas disciplinas. Entre estas iniciativas destacan as Xornadas Artesanía no Prato, organizadas en 2017, 2019, 2021 e 2023.

**Selección de eventos organizados de Artesanía no Prato e colaboracións con outras institucións (2014-2025).**

- *Tutto Food, Pabellón de España na Exposición Internacional de Milán, 2015.*
- *Galicia Pórtico Universal, Xunta de Galicia, Buenos Aires, 2016-2018.*
- *Galicia Pórtico Universal, Xunta de Galicia, Bilbao, 2016.*
- *Galicia Pórtico Universal, Montevideo, Xunta de Galicia 2018.*
- *Ruta do GRUPO NOVE COCINEROS por Santander, Salamanca, Valladolid, Ponferrada e Gijón, 2016.*
- *Tienda Pop Up Galicia. Saberes y Sabores, Palacio de Santa Bárbara, Madrid, 2017.*
- *I Xornadas Profesionais Artesanía no Prato, Santiago de Compostela, 2017.*
- *MASTERCHEF. Programa dedicado a Galicia coa participación dunha vaixela deseñada para o evento e unha masterclass do chef Pepe Solla.*
- *Tienda Pop Up Galicia. Saberes y Sabores, Palacio de Santa Bárbara, Madrid, 2018.*
- *Galicia, el buen Camino, Xunta de Galicia, México, 2018.*
- *Galicia Pórtico Universal, Xunta de Galicia, Montevideo, 2018.*
- *Tienda Pop Up Galicia. Saberes y Sabores, Palacio de Santa Bárbara, Madrid, 2019.*
- *II Xornadas Profesionais Artesanía no Prato, A Coruña, 2019.*

- *MADRID FUSIÓN, 2020.*
- *III Xornadas Profesionais Artesanía no Prato, Santiago de Compostela, 2021.*
- *San Sebastián Gastronómika, San Sebastián, 2022.*
- *Conferencia Hispano Lusa de Artesanía e Turismo "Materia Prima" co-organizado pola Fundación Artesanía de Galicia xunto co Centro de Referencia Nacional de Artesanía, o Centro de Referencia Nacional de Agroturismo en Mérida, a Escola de Hotelaria e Turismo de Portalegre (Portugal) e o Centro de Referencia Nacional de Alojamiento de Mijas (Málaga). Mérida/Portalegre (Portugal), 2023.*
- *IV Xornadas Profesionais Artesanía no Prato, A Coruña, 2023.*
- *Feria Gourmet, Madrid, 2024.*
- *Encontros de Mercado, Fundación Ría, Santiago de Compostela 2025.*
- *Artesanía da Galicia em Lisboa, setembro 2025.*
- *Xantar 2025, Ourense.*
- *Presentación Proxecto Prato de Mercado, Dirección Xeral de Comercio e Consumo, Santiago de Compostela, 2025.*

| Obxectivo estratéxico | Obxectivo operativo | Indicador | 2025 | 2026 | 2027 |
|---|---|---|---|---|---|
| Artesanía inovadora e colaborativan | Programa Artesanía no Prato | Número proxectos de promoción do programa organizados pola Fundación | 3 | 3 | 3 |
| | | Nº de accións de promoción do programa organizados pola Fundación | 20 | 12 | 12 |
| | | Número obradoiros participantes | 28 | 28 | 29 |
| | | Número de cociñeiros/as e outros profesionais participantes | 14 | 10 | 10 |
| | | Número de localidades | 3 | 3 | 4 |
| | | Número de proxectos de promoción do programa en colaboración con outras institucións/empresas | 7 | 5 | 5 |
| | | Número de accións de promoción do programa en colaboración con outras institucións/empresas | 7 | 12 | 12 |
| | | Número obradoiros participantes | 18 | 19 | 20 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | Número de cociñeiros/as e outros profesionais participantes | 10 | 10 | 10 |
| | | Número de localidades | 4 | 4 | 5 |
| | | Número de viaxes con cociñeiros/as e outros prescriptores | 6 | 9 | 10 |
| | | Número de proxectos totais de promoción do programa Artesanía no Prato | 10 | 8 | 8 |
| | | Número de asistentes totais | +580 | +640 | +660 |
| | | Número de material audiovisual editado | 6 | 5 | 5 |
| | | Número de publicacións e material editado de promoción do programa Artesanía no Prato | 16 | 10 | 10 |
| | | Número de obradoiros adheridos ao programa Artesanía no Prato | 42 | 43 | 44 |
| | | Número de oficios representados no programa Artesanía no Prato | 11 | 11 | 11 |
| | | Número de cociñeiros/as e outros profesionais adheridos ao programa Artesanía no Prato | 29 | 32 | 34 |

(*) O ano 2025 tivo un incremento de orzamento para este obxectivo o que implica un maior número de actuacións

### 4.2. Proxectos colaborativos de divulgación e de apoio ao emprendemento no sector artesán. Sinerxías con entidades públicas e privadas

| Obxectivo estratéxico | Obxectivo operativo | Indicador | 2025 | 2026 | 2027 |
|---|---|---|---|---|---|
| Artesanía inovadora e colaborativa | Proxectos colaborativos de divulgación e apoio ao emprendemento | Número de accións | 11 | 12 | 12 |
| | | Número de entidades coas que colaboramos (públicas/privadas) | 23 | 10 | 12 |
| | | Número de beneficiarios | 850 | 700 | 720 |

(*) O ano 2025 tivo un incremento de orzamento para este obxectivo o que implica un maior número de actuacións

### 4.3. Programa Novos presentes e futuros

O rural como xerador de novas vías de desenvolvemento culturais, sociais, medioambientais e económicas futuras onde se afonda na tradición, deseño

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

e innovación, biomateriais, oficios, recursos locais, ecoloxía e economía circular en colaboración co Espazo Vilaseco, San Cristovo de Mouricios (Chantada).

En cada edición está previsto complementar a programación das xornadas con cursos de formación vinculados á temática de cada edición que lle permitan aos asistentes experimentar con materiais e técnicas diferentes que abran novas vías de desenvolvemento para a artesanía.

As xornadas celébranse como unha oportunidade para coñecer, compartir e reflexionar sobre novas miradas, tanto establecidas como emerxentes, que xorden arredor da artesanía en territorio nacional e internacional.

- Reflexionase sobre novas oportunidades de deseño a partir da exploración de propostas materiais máis sensibles coa complexidade ecolóxica que nos rodea e faise fincapé no aproveitamento dos materiais da contorna dende a artesanía, a innovación e o pensamento ecolóxico.
- O obxectivo é buscar os futuros da artesanía dende un lugar intermedio entre a innovación, a tradición e o deseño contemporáneo.

As actuacións desenvolvidas ata o momento son:

- Tecendo futuros. Prácticas téxtiles contemporáneas 2023.
- Novas artesanías para novas ecoloxías 2024.
- Entrelazar 2025

| Obxectivo estratéxico | Obxectivo operativo | Indicador | 2025 | 2026 | 2027 |
|---|---|---|---|---|---|
| Artesanía inovadora e colaborativa | Programa Novos presentes e futuros. Xornadas anuais | *Número de participantes de Galicia* | 45 | 50 | 50 |
| | | *Número de participantes de fora de Galicia* | 3 | 3 | 3 |

(*) O ano 2025 tivo un incremento de orzamento para este obxectivo o que implica un maior número de actuacións

**No anexo I recóllese un cadro resumo dos indicadores por obxectivo**
**No anexo II recóllese un cadro resumo dos obxectivos.**

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTES

## 4. Marco económico-financeiro

### 4.1. Gastos.

A proxección estimativa de gastos da Fundación durante o trienio de duración do contrato é o seguinte:

| | 2025 | 2026 | 2027 |
|---|---|---|---|
| Capítulo I | 330.046 | 330.409 | 340.640 |
| Capítulo II | 1.384.064 | 860.591 | 850.860 |
| Capítulo IV | 27.000 | 27.000 | 27.000 |
| Capítulo VI | 3.890 | 2.000 | 1.500 |
| Total | 1.745.000 | 1.220.000 | 1.220.000 |

### 4.2. Ingresos

A Fundación financiarase a través das transferencias correntes e de capital que recibe da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e outros ingresos procedentes da actividade propia como a asistencia a cursos de formación especializada e venda de pezas da marca Artesanía de Galicia.

A proxección estimativa de ingresos no mesmo período é o seguinte:

| | 2025 | 2026 | 2027 |
|---|---|---|---|
| Capítulo III | 20.000 | 20.000 | 20.000 |
| Capítulo IV | 400.000 | 400.000 | 400.000 |
| Capítulo V | 25.000 | 0 | 0 |
| Capítulo VII | 1.300.000 | 800.000 | 800.000 |
| Total | 1.745.000 | 1.220.000 | 1.220.000 |

### 4.3. Gastos distribuídos entre obxectivos estratéxicos

4.4. Mecanismos de re-axuste en caso de déficits ou superávits.

Os déficits derivados do incumprimento das estimacións de ingresos anuais ou os superávits compensaranse mediante os pertinentes axustes nas partidas de gasto que garantan o equilibrio económico-financeiro.

Deberá elevarse ao Padroado da Fundación un informe explicativo das causas das desviacións na estimación de ingresos, das previsións de que dito déficit ou superávit poida repetirse nos exercicios seguintes e do impacto que puidesen ter na consecución dos obxectivos programados así como, no seu caso, as necesarias modificacións que como consecuencia dos devanditos déficits ou superávits deban introducirse no Contrato Plurianual de Xestión e o seu alcance.

**5. Compromisos das partes**

Por parte da Xunta de Galicia:

- Achegar os recursos orzamentarios necesarios para a consecución dos obxectivos da Fundación, segundo o establecido no contrato programa, e recollidos nas leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por parte da Fundación Pública Artesanía de Galicia:

- Acadar cos recursos asignados o cumprimento de obxectivos de conformidade co establecido no contrato programa.
- Actuar como medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos poderes adxudicadores dependentes dela, polo que está obrigada a realizar os traballos que aquela ou estes lle encomenden dentro do seu ámbito de actuación.
- Achegar os recursos humanos e materiais necesarios para o desenvolvemento dos servizos, actuacións e obxectivos contemplados no presente contrato programa.
- Obrígase ao cumprimento baixo a súa exclusiva responsabilidade das disposicións legais vixentes en materia de relacións laborais, de seguridade e saúde no traballo e calquera outra de carácter xeral.

CONSELLERÍA DE ... XUSTIZA E DEPORTES

- Con independencia dos controis da comisión de seguimento deste contrato, a Fundación Pública Artesanía de Galicia someterase a cantos controis e auditorías sexan necesarios ou precisos.

## 6. Criterios e mecanismos de responsabilidade do persoal directivo

A Fundación Pública Artesanía de Galicia adecuará a súa actuación ao presente contrato programa, de conformidade cos obxectivos e accións detalladas, durante o período que corresponde a vixencia do contrato.

Para avaliar a súa efectividade, establécense unha serie de obxectivos estratéxicos e operativos cuxa consecución se cuantifica a través dun número finito de indicadores, de tal forma que se entenderá que a Fundación Pública Artesanía de Galicia desenvolveu con éxito o contrato programa se, polo menos, cumpre o 75% dos seus obxectivos estratéxicos.

Acádase un obxectivo estratéxico cando se obtén un resultado favorable, como mínimo, no 60% dos obxectivos operativos que forman parte do obxectivo estratéxico.

Os indicadores recollidos neste contrato son a ferramenta a utilizar para avaliar o cumprimento dos obxectivos operativos, e será necesario acadar o valor estándar destes, polo menos, no 50% do conxunto de indicadores asociados a cada un dos obxectivos.

O persoal directivo da Fundación Pública Artesanía de Galicia ao que se refire o artigo 26 dos estatutos estará suxeito a esixencias de responsabilidade por incumprimento dos obxectivos.

Existirá responsabilidade do persoal directivo responsable cando a porcentaxe de obxectivos incumpridos exceda do 50% do total de obxectivos correspondentes á súa área de actividade.

Para os efectos anteriores, non se terán en conta os indicadores asociados a obxectivos específicos ou actuacións que se cancelen ou non se leven a cabo por

causas independentes da vontade e actividade da Fundación Pública Artesanía de Galicia.

En caso de incumprimento, o Padroado, por iniciativa propia ou por proposta da xerencia, e logo de analizar o conxunto de indicadores que non acadaron o valor de responsabilidade antedito, poderá apercibir formalmente ás persoas responsables de área.

En último termo, se durante tres exercicios consecutivos se produce o apercibimento dalgún membro do equipo directivo, o Padroado poderá aprobar o seu cesamento, sen prexuízo da concorrencia doutras circunstancias que xustifiquen tal medida.

Por outro lado, no caso de que se acade ou supere o valor estándar do 80% dos indicadores relativos aos obxectivos operativos asociados a cada área da Fundación Pública Artesanía de Galicia, de conformidade co previsto no presente contrato plurianual programa, as respectivas áreas poderán ser beneficiarias das medidas de recoñecemento que o Padroado considere axeitadas e de conformidade coa normativa vixente que resulte de aplicación.

**7. Procedemento para a introdución de modificacións ou adaptacións**

As modificacións ou axustes para corrixir eventuais desviacións entre o planificado e o executado, sempre que non afecten á estrutura do contrato programa, serán aprobadas polo Padroado.

Entenderase que as modificacións afectan á estrutura do contrato programa nos seguintes casos:

- Os orzamentos da Xunta de Galicia non dotasen á Fundación Pública Artesanía de Galicia da financiación prevista neste contrato programa.
- A eliminación, modificación ou introdución de novos obxectivos estratéxicos, operativos ou ambos.
- A variación da contía dos valores dos indicadores en máis dun 40% do valor fixado.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Nestes supostos, procederá a aprobación por parte do Consello da Xunta dun novo contrato programa.

## 8. Comisión de seguimento e control

### 8.1. Constitución

Constituirase unha Comisión de seguimento e control co obxecto de interpretar e velar polo cumprimento do presente contrato de xestión e dos módulos específicos que comprende baixo a dependencia orgánica do Padroado da Fundación.

A Comisión de seguimento e control estará integrada por catro persoas:

- Un/unha representante da Fundación Pública Artesanía de Galicia.
- Un/unha representante da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.
- Un/unha representante da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa.
- Un/unha representante da consellería competente en materia de facenda.

Exercerá a presidencia da comisión a persoa representante da consellería competente en materia de Facenda.

As funcións de secretaría serán exercidas pola persoa integrante da comisión representante da Fundación Pública Artesanía de Galicia.

Para o correcto exercicio das súas funcións, a Comisión de seguimento e control reunirase semestralmente e sempre que un dos seus membros o solicite. A programación das reunións farase de forma que permita facer o seguimento do peche e o inicio do orzamento.

### 8.2. Funcións da comisión

Á Comisión de seguimento e control correspóndelle exercer as seguintes funcións:

- Elaborar anualmente un informe de avaliación global do cumprimento do contrato programa, coas propostas de adaptación dos compromisos para o ano seguinte se fora necesario.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Antes do final do período de vixencia do contrato programa esta comisión elaborará un informe global sobre o seu grao de cumprimento, e propoñerá as modificacións e adaptacións necesarias para a súa revisión e renovación.
- Avaliar a consecución dos obxectivos e o cumprimento dos compromisos establecidos no contrato de xestión.
- Propoñer as medidas correctivas que considere necesarias para asegurar a consecución dos obxectivos.
- Propoñer a modificación das cláusulas deste Contrato Plurianual de Xestión, no caso de circunstancias sobrevidas que impidan o cumprimento dos compromisos establecidos por algunha das partes.
- Formular propostas para facer efectivos os beneficios ou as responsabilidades a que houbese lugar en relación cos resultados acadados.
- No caso de déficits por insuficiencia de ingresos reais, respecto dos estimados, a comisión deberá decidir se tal situación responde a unha deficiente previsión ou unha xestión ineficiente, que levará consigo a esixencia de responsabilidades, ou se, pola contra, responde a circunstancias que escapan ao control da entidade, cuxos responsables realizaron unha xestión prudente e tecnicamente correcta.
- Formular, en todo caso, propostas para a cobertura de posibles déficits, de acordo coas normas aplicables e os criterios establecidos ao respecto pola Consellería de Facenda e Administración Pública.
- Outras funcións que expresamente lle sexan encargadas polas partes deste contrato de xestión ou que lle correspondan segundo determine a normativa legal ou regulamentaria.

## 9. Marco de recursos humanos

Para o desenvolvemento dos servizos, programas e obxectivos que se detallan neste contrato programa e durante a súa vixencia, as partes comprométense a achegar os recursos humanos necesarios segundo o descrito neste documento e a levar a cabo as modificacións que se decidan de común acordo.

A Fundación Pública Artesanía de Galicia conta con dous tipos de persoal:

- Persoal laboral propio: 6 postos do cadro de persoal.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Persoal de alta dirección: xerente - 1 posto.

O cadro de persoal vixente foi aprobado o 20 de outubro de 2008 por informe favorable da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e a Dirección Xeral da Función Pública, dependentes da Consellería de Facenda e Administración Pública.

**10. Outros: recursos (físicos) cos que conta a entidade**

A Fundación Pública Artesanía de Galicia emprega unhas instalacións alugadas sitas en Área Central, L34FGHI, 15007 Santiago de Compostela.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ... E DEPORTES

## Anexo I. Cadro resumen dos indicadores por obxectivo:

<table>
<tr><th>Obxectivo estratéxico</th><th>Obxectivo operativo</th><th colspan="2">Indicador</th><th>2025</th><th>2026</th><th>2027</th></tr>
<tr><td rowspan="20">Artesanía = Empresa</td><td rowspan="13">Encontro da Artesanía Tradicional e popular de Galicia</td><td colspan="2">Número de obradoiros participantes de Artesanía de Galicia</td><td>41</td><td>41</td><td>41</td></tr>
<tr><td colspan="2">Número de empresas participantes de Artesanía Alimentaria</td><td>33</td><td>33</td><td>33</td></tr>
<tr><td colspan="2">Número de cursos divulgativos abertos ao público</td><td>6</td><td>7</td><td>7</td></tr>
<tr><td colspan="2">Número de asistentes aos cursos divulgativos</td><td>1056</td><td>1056</td><td>1056</td></tr>
<tr><td colspan="2">Número de cursos especializados</td><td>7</td><td>7</td><td>7</td></tr>
<tr><td colspan="2">Número de asistentes aos cursos especializados</td><td>71</td><td>71</td><td>71</td></tr>
<tr><td colspan="2">Actuacións musicais, baile e outras</td><td>7</td><td>7</td><td>7</td></tr>
<tr><td rowspan="3">Programa Artesanía no Prato en Agolada</td><td>Número de accións</td><td>8</td><td>9</td><td>9</td></tr>
<tr><td>Número de cociñeiros/as participantes</td><td>5</td><td>7</td><td>7</td></tr>
<tr><td>Número de obradoiros participantes</td><td>16</td><td>18</td><td>22</td></tr>
<tr><td colspan="2">Número de prescriptores galegos</td><td>2</td><td>8</td><td>9</td></tr>
<tr><td colspan="2">Número de prescriptores nacionais/internacionais</td><td>11</td><td>12</td><td>12</td></tr>
<tr><td colspan="2">Número de asistentes ao evento</td><td>+7.000</td><td>+7.500</td><td>+7.500</td></tr>
<tr><td rowspan="5">Proxecto Vilas Vivas. Evento Artesanía Saber e Sabor</td><td colspan="2">Número de obradoiros participantes de Artesanía de Galicia</td><td>19</td><td>20</td><td>21</td></tr>
<tr><td colspan="2">Número de cursos divulgativos</td><td>4</td><td>5</td><td>5</td></tr>
<tr><td colspan="2">Número de asistentes aos cursos divulgativos</td><td>324</td><td>516</td><td>516</td></tr>
<tr><td colspan="2">Número de cursos especializados</td><td>10</td><td>10</td><td>10</td></tr>
<tr><td colspan="2">Número de asistentes aos cursos especializados</td><td>64</td><td>64</td><td>64</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Proxecto Vilas Vivas.</td><td colspan="2">Número de obradoiros participantes nos locais de Vilas Vivas</td><td>5</td><td>+15</td><td>+18</td></tr>
<tr><td colspan="2">Número de cursos divulgativos</td><td>0</td><td>10</td><td>12</td></tr>
</table>

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | *Número de asistentes aos cursos divulgativos* | | 0 | +180 | +200 |
| | | *Número de cursos especializados* | | 6 | 10 | 10 |
| | | *Número de asistentes aos cursos especializados* | | 28 | 60 | 60 |
| | Accións de promoción/venda/divulgación da marca de Artesanía de Galicia | *Número de eventos organizados pola Fundación* | | 3 | 3 | 4 |
| | | *Número de eventos que contan coa colaboración e/ou patrocinio da Fundación* | | 64 | 65 | 65 |
| | | *Número de localidades* | | 59 | 62 | 64 |
| | | *Número de obradoiros de Artesanía de Galicia participantes* | | 213 | 220 | 240 |
| | | *Número de cursos divulgativos* | | 73 | 75 | 77 |
| | | *Número de asistentes aos cursos divulgativos* | | 324 | 360 | 380 |
| | | *Número de cursos especializados* | | 6 | 7 | 8 |
| | | *Número de asistentes aos cursos especializados* | | 31 | 50 | 58 |
| | | *Promoción e comercialización do produto artesán como agasallo institucional e corporativo* | *Número de propostas aceptadas* | 65 | 65 | 75 |
| | | | *Número de produtos* | +5.000 | +6.000 | +6.500 |
| | | | *Número de oficios implicados* | 9 | 10 | 10 |
| | Organización e colaboración en eventos de recuperación de oficios en extinción | *Número eventos* | | 4 | 4 | 4 |
| | | *Número de asistentes* | | +4.800 | +5.000 | +5.000 |
| | | *Número de oficios* | | 4 | 4 | 4 |

| Obxectivo estratéxico | Obxectivo operativo | Indicador | 2025 | 2026 | 2027 |
|---|---|---|---|---|---|
| Profesionalización, fortalecemento do tecido produtivo artesán e maior visibilidade do sector | Proxecto Aprender da Tradición. Oficios e Técnicas | *Número de accións formativas* | 7 | 7 | 7 |
| | | *Número de oficios artesanais* | 6 | 7 | 7 |
| | | *Número de solicitudes recibidas* | 168 | 260 | 280 |
| | | *Número de participantes* | 73 | 56 | 56 |
| | Programa de formación especializada en técnicas artesanais que contribuían | *Número de accións formativas impartidas* | 14 | 14 | 14 |
| | | *Número de oficios artesanais* | 9 | 9 | 9 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | á mellora e profesionalización continua do sector | *Número de solicitudes recibidas* | 201 | 220 | 220 |
| | | *Número de participantes* | 143 | 145 | 145 |
| | Proxecto Artesanía de Galicia na Escola | *Número de unidades didácticas enviadas aos colexios* | 790 | 850 | 870 |
| | | *Número de unidades didácticas editadas* | 2 | 1 | 1 |
| | | *Número de demostracións oficios* | 21 | 26 | 32 |
| | | *Número de colexios participantes* | 22 | 23 | 23 |
| | | *Número de alumnos/as* | 525 | 650 | 650 |
| | | *Número de localidades* | 10 | 12 | 13 |

| Obxectivo estratéxico | Obxectivo operativo | Indicador | 2025 | 2026 | 2027 |
|---|---|---|---|---|---|
| Divulgación | Premios Artesanía de Galicia | *Número de premios concedidos* | 5 | 5 | 5 |
| | Premios ou distincións | *Número empresas artesás/ institucións/asociacións avaladas* | 23 | 23 | 25 |
| | | *Número de premios ou outras distincións* | 8 | 8 | 8 |
| | Revista Obradoiro de Artesanía | *Número exemplares editados* | 5.000 | 5.000 | 5.000 |
| | | *Número puntos distribución en Galicia* | 916 | 950 | 950 |
| | | *Número puntos distribución en España/Internacional* | 20 | 25 | 30 |
| | Publicacións especializadas e redes sociais | *Seguidores en RRSS* | 57.687 | 59.000 | 61.000 |
| | | *Alcance de publicacións* | 40.550 | 45.000 | 46.000 |
| | | *Número reportaxes en publicacións especializadas* | 37 | 40 | 42 |
| | | *Número de medios cos que se fixeron colaboracións e patrocinios* | 18 | 18 | 20 |
| | | *Número de viaxes organizadas con periodistas e/ou prescriptores* | 21 | 25 | 27 |

| Obxectivo estratéxico | Obxectivo operativo | Indicador | 2025 | 2026 | 2027 |
|---|---|---|---|---|---|
| Artesanía innovadora e colaborativa | Programa Artesanía no Prato | Número proxectos de promoción do programa organizados pola Fundación | 3 | 3 | 3 |
| | | Nº de accións de promoción do programa organizados pola Fundación | 20 | 12 | 12 |
| | | Número obradoiros participantes | 28 | 28 | 29 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | Número de cociñeiros/as e outros profesionais participantes | 14 | 10 | 10 |
| | | Número de localidades | 3 | 3 | 4 |
| | | Número de proxectos de promoción do programa en colaboración con outras institucións/empresas | 7 | 5 | 5 |
| | | Número de accións de promoción do programa en colaboración con outras institucións/empresas | 7 | 12 | 12 |
| | | Número obradoiros participantes | 18 | 19 | 20 |
| | | Número de cociñeiros/as e outros profesionais participantes | 10 | 10 | 10 |
| | | Número de localidades | 4 | 4 | 5 |
| | | Número de viaxes con cociñeiros/as e outros prescriptores | 6 | 9 | 10 |
| | | Número de proxectos totais de promoción do programa Artesanía no Prato | 10 | 8 | 8 |
| | | Número de asistentes totais | +580 | +640 | +660 |
| | | Número de material audiovisual editado | 6 | 5 | 5 |
| | | Número de publicacións e material editado de promoción do programa Artesanía no Prato | 16 | 10 | 10 |
| | | Número de obradoiros adheridos ao programa Artesanía no Prato | 42 | 43 | 44 |
| | | Número de oficios representados no programa Artesanía no Prato | 11 | 11 | 11 |
| | | Número de cociñeiros/as e outros profesionais adheridos ao programa Artesanía no Prato | 29 | 32 | 34 |
| | Proxectos colaborativos de divulgación e apoio ao emprendemento | Número de accións | 11 | 12 | 12 |
| | | Número de entidades coas que colaboramos (públicas/privadas) | 23 | 10 | 12 |
| | | Número de beneficiarios | 850 | 700 | 720 |
| | Programa Novos presentes e futuros. Xornadas anuais. | *Número de participantes de Galicia* | 45 | 50 | 50 |
| | | *Número de participantes de fora de Galicia* | 3 | 3 | 3 |

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

## Anexo II. Cadro resumo dos obxectivos

| OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS | | OBXECTIVOS OPERATIVOS |
|---|---|---|
| O.E.1<br><br>Artesanía = Empresa | Aposta pola comercialización no eido local, nacional e internacional e o seu posicionamento no mercado actual.<br><br>Reformulación dos sistemas tradicionais de comercialización e estudo sobre as posibilidades. | 1. 1. Corazón da Artesanía. Encontro da Artesanía tradicional e popular de Galicia<br><br>1. 2. Participación de Artesanía de Galicia no Proxecto Vilas Vivas para dinamizar o tecido comercial de vilas e cabeceiras de comarca.<br><br>1. 3. Accións de promoción/venda/divulgación da marca Artesanía de Galicia en diferentes escenarios dentro e fóra da nosa Comunidade (on/offline), así como colaboración, asesoramento, divulgación e participación en diferentes actividades artesanais.<br><br>1. 4. Organización e colaboración en eventos vixentes para a recuperación de oficios en extinción. |
| O.E.2<br><br>Profesionalización, fortalecemento do tecido produtivo artesán e maior visibilidade do sector | Formación especializada e mellora continua do sector na busca dunha profesionalización do sector.<br><br>Aposta por unha maior visibilidade do produto feito a man. | 2.1. Proxecto Aprender da Tradición. Oficios e técnicas.<br><br>2.2. Programa de formación especializada para unha profesionalización continua dos profesionais da artesanía en técnicas, procesos e materiais.<br><br>2.3. Proxecto Artesanía de Galicia na Escola |
| O.E.3<br><br>Divulgación | Accións de promoción e publicidade da actualidade e realidade da Artesanía de Galicia. | 3.1. Premios Artesanía de Galicia<br><br>3.2 Apoio aos obradoiros artesáns nas convocatorias de premios ou distincións, tanto a nivel nacional como internacional<br><br>3.3. Revista Obradoiro de Artesanía<br><br>3.4. Publicacións especializadas e redes sociais |
| O.E.4<br><br>Artesanía innovadora e colaborativa | Innovación, deseño e creatividade como aposta de modernización do sector.<br><br>Pulo á cooperación intra e intersectorial favorecendo espazos de encontro con diferentes axentes. | 4.1. Programa Artesanía no Prato<br><br>4.2 Proxectos colaborativos de divulgación e apoio ao emprendemento no sector artesán.<br><br>4.3. Programa Novos Presentes e futuros |

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES